

BIBLIOTECA DA FACULDADE DE CIENCIAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

MEMORIA 2020.



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1. Introducción	3
2. O confinamento	3
2.1. A Biblioteca e a evolución da pandemia.....	5
2.2. Accións realizadas na Biblioteca durante o confinamento	20
3. Investimentos	24
4. Persoal.....	24
5. Coleccións	27
5.1. Publicacións periódicas.....	27
5.2. Monografías	28
5.3. Recursos electrónicos	30
5.3.1. Revistas electrónicas	30
5.3.2. Bases de datos.....	31
5.3.3. Libros electrónicos	32
5.4. Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Mestrado (TFM)	33
6. Servizos	40
6.1. Acceso	40
6.2. Préstamo	40
6.3. Préstamo interbibliotecario	41
6.4. Formación	42
6.5. Servizo aos investigadores	45
7. Difusión	48
7.1. Redes sociais	48
7.2. Web da Biblioteca da Facultade	48
8. Anexo: A Biblioteca de CIE en cifras	50

1. INTRODUCCIÓN

Un ano máis, esta biblioteca deixará constancia do traballo realizado no ano 2020, así como das actuacións e dos resultados da súa actividade.

Pero este ano non foi un ano máis. O COVID e o confinamento, iniciado o 15 de marzo, marcou as nosas vidas... Por isto, un apartado desta memoria estará adicado a esta etapa, que vai dende o inicio do confinamento cubrindo as distintas fases da desescalada, e mostrará como a Biblioteca e o seu persoal, tivo que adaptarse a nova situación, ofrecendo servizos dun xeito diferente.

A totalidade das actuacións desta biblioteca encamiñanse a cumprir a misión de apoio a docencia, a investigación e a aprendizaxe, xestionando os recursos de información, facilitando o acceso aos mesmos e promovendo a súa difusión. Así como a apoiar ás titulacións que se imparten nesta facultade, tanto graos coma mestrados.

Deste xeito, a Biblioteca convértese en colaboradora da creación de coñecemento.

2. O CONFINAMENTO

O Reitor enviou un correo o 15 de marzo informando a todo o persoal do confinamento, que sería efectivo a partir do día seguinte e ata novo aviso. Todo o persoal da biblioteca acolleuse ao teletraballo.

Desviáronse os teléfonos da Biblioteca ao persoal da biblioteca, co fin de atender as chamadas no mesmo horario de traballo.

Dende o Servizo de Biblioteca remitiron información a todas as persoas usuarias indicando a suspensión do préstamo, devolucións e reservas ata novo aviso, e se fixeron renovacións de todos os préstamos automaticamente por un mes, aínda que logo foise ampliando até o 22 de xuño.

Para facilitar o teletraballo, a UDC puxo, rapidamente, a disposición dos traballadores as seguintes ferramentas:

- Escritorio virtual: dende o ordenador da casa tiñamos acceso ao ordenador do traballo, dispoñendo de todos os programas que nos permitían realizar as nosas tarefas.
- Teams: facilita as reunións virtuais en grupo con imaxe e son, permitindo o contacto cos usuarios mediante reunión virtual, chat, correo ou telefónicamente.

O Teams foi a vía de contacto entre o persoal da biblioteca e para isto creouse un grupo de traballo da Biblioteca de Ciencias. As reunións por videochamada foron diarias entre o persoal de mañá e unha vez á semana, como mínimo, incluíndo o persoal da quenda de tarde.

Paralelamente, creouse un grupo de Teams para a Xunta Técnica do Servizo de Biblioteca, da que forman parte as direccións das bibliotecas de centros, así como as xefaturas de sección e servizo. Neste grupo, que tiña reunión semanal, compartíanse documentos sobre as novas xurdidas da alerta sanitaria e o noso traballo, e facíanse postas en común do traballo realizado en cada biblioteca, informábase sobre novidades e tomábanse decisións consensuadas sobre accións do Servizo.

Por outra parte, a Biblioteca informou puntualmente a través do correo electrónico e as redes sociais sobre os servizos virtuais que se prestaban, novidades sobre plataformas e editoriais que ofertaron recursos en aberto por mor da situación pandémica...

A primeira información publicada en redes pola Biblioteca de Ciencias e enviada aos seus usuarios e usuarias foi a seguinte:

Somos parte do equipo #YoMeQuedoEnCasa!

Non si, non deixaremos de prestar o noso servizo ao conxunto da comunidade universitaria, aínda que sexa dun xeito virtual.

Non podemos –nin deberíamos aínda que puidésemos– deixarvos libros, nin recoller as vosas devolucións, nin compartir os nosos espazos para o estudo, pero seguimos dispoñibles en liña.

As habituais dúbidas ao preparar o TFG, cousiñas sobre métricas ou perfís de investigación, axuda para acceder aos recursos electrónicos subscritos pola @UDC_gal ou información sobre sesións formativas en liña, por exemplo, son cousas das que

podemos falar vía correo electrónico en ciencias.bib@udc.es ou nos nosos correos persoais, que atoparedes en https://www.udc.es/gl/biblioteca/informacion_xeral/persoal/ciencias/index.html.

Do mesmo xeito, podeades contactar con nós a través da aplicación Microsoft Teams ou dos nosos perfís en Twitter ou Facebook.

O horario nestes días, lembrade, seguindo a última resolución reitoral, será de 9:00 a 19:00. Nese horario estaremos aquí para vós, na distancia pero tan cerca como poidamos.

Por último, o noso agradecemento aos informáticos da UDC, que estiveron e están traballando arreo para minimizar as consecuencias desta situación excepcional e facilitar o quefacer diario e a comunicación entre todos nós. GRAZAS!



2.1. A BIBLIOTECA E A EVOLUCIÓN DA PANDEMIA

- Do **11 ao 15 de maio**, incorpóranse as direccións das bibliotecas presencialmente para ir preparando as mesmas coas medidas de seguridade sanitarias de cara a apertura ao público. Nesta biblioteca incorpórase tamen a auxiliar técnico de biblioteca en quenda de mañá.






- Instálase un antepano de cristal de separación no mostrador.
- Péchase o acceso ao fondo e inutilízanse as mesas de estudo.
- Na zona de atención ao público delimitase a distancia mínima de seguridade entre o mostrador e as persoas usuarias, que teñen á súa disposición dispensadores de xel, panos dun só uso e papeleiras con tapa e pedal.
- Instálase un semáforo para que, no caso de houber moita afluencia de usuarios e, co fin de evitar aglomeracións, lles indicara as persoas usuarias cando podían acceder á biblioteca para facer as súas xestións. Podería habilitarse, se fose preciso, para indicar que o aforo está completo.
- Sinalízase o chan, a saída da biblioteca, con liñas de espera que non deben ser traspasadas ata que ao usuario lle toque a súa quenda.



- Do **18 ao 22 de maio**, ábrese o servizo ao público, pero só para préstamos e devolucións.
- O horario do servizo é de 10:00 a 14:00 h. Tres das persoas que integran o equipo humano da biblioteca teletraballan.
- Só se poden prestar documentos que aparezan dispoñibles no catálogo.
- Non se poden facer reservas nin renovacións, que serán masivas ata o 22 de xuño.
- Para usar o servizo hai que enviar un e-mail solicitando cita previa e indicando os libros que solicita.
- Os documentos devoltos deben pasar unha corentena de 14 días antes de ser devoltos aos estantes.
- Reanúdase o servizo de préstamo interbibliotecario e intercentros.



AS
TRES
MEDIDAS
DE
PROTECCIÓN
BÁSICAS
#friendlyreminder



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MÁSCARA

O uso **correcto** de máscara é obrigatorio.

DISTANCIA

Debemos manter unha distancia interpersoal **mínima** de 1,5 metros.

HIXIENE

Temos dispensadores de **xel hidroalcohólico** á vosa disposición.

OS
SERVIZOS
PRESENCIAIS
SON
DOUS



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PRÉSTAMO

Reserva o libro no catálogo da BUDC * Agarda polo correo de confirmación * Pide cita previa.

DEVOLUCION

Pide cita previa * Deixa o libro no estante habilitado na entrada co seu lombo visible.




- Do **25 ao 29 de maio** entramos nunha segunda fase de desescalada.
 - A biblioteca abre as súas portas en horario de mañá e tarde, de 10:00 a 14:00 h, e de 16:00 a 20:00 h. Dúas persoas da biblioteca seguen teletraballando.
 - Son de xeito presencial os servizos de préstamo, devolucións e consulta en sala, pero soamente nos postos habilitados para tal fin.
 - Habilítase un OPAC exclusivamente para consulta do catálogo da biblioteca.
 - Sigue sendo imprescindible a solicitude de cita previa para utilizar estes servizos.
 - Non se permite o estudo, nin o libre acceso aos andéis.
 - O resto dos servizos seguen prestándose de xeito telemático.



O servizo **presencial** está, polo momento, **limitado** a préstamo, devolución e consulta en sala. Haberá tamén un **OPAC** operativo para consultar o catálogo da biblioteca. O resto de servizos seguiranse prestando de xeito **telemático** vía email ou Teams ou telefónico.




A RR do 8 de maio de 2020 dispón que é necesario solicitar **cita previa**. O único xeito habilitado actualmente para facelo é o correo electrónico: escribíenos a **ciencias.bib@udc.es**.



Confirmarémolosvos, tamén por correo electrónico, que todo o solicitado está **disponible**. De non estalo, ofrecerémolosvos **alternativas** similares.



* Os libros devoltos non volverán estar dispoñibles ata transcorrido un prazo de corentena de 14 días.




- Do **1 ao 5 de xuño** os servizos presenciais seguen limitándose a préstamo, devolución e consulta en sala, pero hai novidades importantes:
 - A cita previa faise a través de Bookings, ferramenta de Office que permite as persoas usuarias ver a dispoñibilidade horaria e reservar a data e a hora que desexen.
 - As reservas vía web, a través do rexistro de usuario, volven a estar activas.
 - Antes de solicitar a cita previa é necesario reservar o libro a través do catálogo da biblioteca e, unha vez recibido o correo de confirmación via e-mail, o usuario pode solicitar cita previa a través de Bookings.
 - Volve a habilitarse a posibilidade de renovar os préstamos en liña, aínda que os xa prestados renóvanse automaticamente até o 22 de xuño.



O servizo **presencial** está, polo momento, **limitado** a préstamo, devolución e consulta en sala. Habrá tamén un **OPAC** operativo. O resto de servizos seguiranse prestando de xeito **telemático** vía email ou Teams ou telefónico.



A RR do 8 de maio dispón que é necesario solicitar **cita previa**.




O xeito preferente para solicitar cita previa é o formulario habilitado en bit.ly/2XBKoqm no que haberá que introducir

31 DATA HORA DATOS PERSOAIS

Recibiredes outra **confirmación automática** vía email. Se houbo algún problema relacionado coa vosa solicitude, **contactarémolos** tamén por correo electrónico.




* Os libros devoltos non volverán estar dispoñibles ata transcorrido un prazo de corentena de 14 días.



- Do **8 ao 12 de xuño** entramos na fase chamada de nova normalidade:
 - A novidade máis importante é que se pode estudar na biblioteca. Para isto habílanse 24 postos de lectura.
 - Habílanse un sistema de numeración de mesas e postos de lectura con tarxetas que o alumnado deberá respectar.
 - Cuando o alumno chegue a biblioteca, deberá identificarse e se lle asignará un posto de lectura para toda a xornada. Ao marchar, deberá pór a cadeira enriba da mesa.
 - Para vir estudar tamén será necesario solicitar cita previa a través de Bookings, como no resto dos servizos ata agora.

- Non se pode acceder aos andéis.
- Establécese un protocolo de limpeza e desinfección no cambio de quenda por parte do servizo de limpeza.







TEU

Só ti usarás **este** posto de lectura durante esta mañá/tarde. Coidao. Desfrútao, Non o (inter)cambies,

STOP

O acceso aos estantes está **limitado** ao persoal. Se necesitas algún libro, pídeo no mostrador.

UPI!

Ao marchar, deixa a cadeira **enriba** da mesa. Isto facilitará moito o traballo do persoal de limpeza.

GRAZAS!

 Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OS SERVIZOS **PRESENCIAIS** SON **TRES**

 Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PRÉSTAMO

Reserva o libro no catálogo da BUDC * Agarda polo correo de confirmación * Pide cita previa.

DEVOLUCION

Pide cita previa * Deixa o libro no estante habilitado na entrada co seu lombo visible.

ESTUDO

Pide cita previa * Ao chegar, identifícate no mostrador
* Permanece no posto asignado * Ao marchar, pon a cadeira enriba da mesa.

- Ata a semana do **29 de xuño ao 3 de xullo** non se produce ningún cambio. Agora:

- Ampliamos o horario: pola mañá de 9:00 a 14:30 e pola tarde de 15:15 a 20:30.
- Xa non é necesario pedir cita previa para devolver libros.
- A corentena dos libros devoltos pasa de 14 a 3 días.
- A partires do 30 de xuño retómase o servizo de préstamo interbibliotecario.



HORARIO

MAÑÁ

9:00 * 14:30

TARDE

15:15 * 20:30



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PIDE

CITA

PREVIA

ESCANEANDO

ESTE

CÓDIGO



- Co **inicio do curso** retómase o horario habitual e hai algunhas novidades, aínda que o acceso aos estantes segue a estar limitado ao persoal da biblioteca e os libros se deben reservar a través do catálogo:
 - Horario: de 8:30 a 21:30
 - Xa non será necesario solicitar cita previa para vir a estudar á biblioteca, nin para levar libros en préstamo, nin para devolvelos.
 - Incrementábase o número de postos de lectura, agora pasan a ser 36.
 - Implementábase un sistema de identificación mediante códigos QR para o uso dos postos de lectura, o mesmo que se utiliza nas aulas da nosa facultade, moi sinxelo e concibido para facilitar o rastrexo. Consta dos seguintes pasos: escaneo do código co teléfono, enchido do breve formulario que abrirá, e envío.



TEU

Só ti usarás **este** posto durante esta mañá/tarde. Non o (inter)cambies.

SCAN

Identifícate *e colabora no rastrexo* escaneando o código **QR** e cubrindo o formulario.

STOP

O acceso aos estantes está **limitado** ao persoal. Se necesitas algún libro, pideo no mostrador.

UP!

Ao marchar, deixa a cadeira **enriba** da mesa para facilitar o traballo do persoal de limpeza.

GRAZAS!




Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2.2. ACCIÓNS REALIZADAS NA BIBLIOTECA DURANTE O CONFINAMENTO

Dende o primeiro momento, as accións diríxense a comunicar aos usuarios todas os recursos que moitas editoriais, plataformas, etc puxeron en aberto de forma gratuita. O Servizo de Biblioteca creou un apartado na web da Biblioteca con todos os recursos disponibles e, dende a nosa biblioteca, difundimos entre os nosos/as usuarios/as todas as novidades que se ían incorporando.

Para a difusión da información, ademais dos correos electrónicos personalizados, utilizamos sempre as redes sociais, tanto Facebook coma Twitter. Con isto intentamos ter ao día aos nosos usuarios.

Alguns exemplos de difusión da información deses tempos nas redes:



Biblioteca da Facultade de Ciencias da UDC
13 de abril de 2020 · 🌐

📢 **!! AVISO IMPORTANTE**
Debido á nova ampliación do estado de alarma os PRÉSTAMOS A DOMICILIO quedan automaticamente PRORROGADOS ATÉ O 25 DE MAIO. Se recibides un correo avisando de que os préstamos están próximos a vencer, ignorádeo 📖 📄 📑

#ABUDCquedanacasa
#UDCnonPara... Ver máis



Biblioteca da Facultade de Ciencias da UDC
22 de abril de 2020 · 🌐

📢 **!! ACLARACIÓN AO ALUMNADO DE GRAO SOBRE O SERVIZO DE PRESTAMO INTERBIBLIOTECARIO**
Debido a situación excepcional na que nos atopamos, NON É PRECISO que presentedes a AUTORIZACIÓN DO PROFESORADO que xustifique a necesidade de utilizar este servizo. Neste pequeno manual elaborado polo Servizo de Acceso ao Documento podedes ver en detalle o proceso para darse de alta no Servizo de Préstamo Interbibliotecario 📖

<https://bit.ly/2xF0oiu>

👁️ Olla, lembrade que SOAMENTE podedes solicitar DOCUMENTOS DIXITAIS. O préstamo interbibliotecario de libros en papel está temporalmente suspendido.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

BIBLIOTECA >>> INFORMACIÓN XERAL | RECURSOS DE INFORMACIÓN | SERVIZOS | XESTIÓN EN LÍÑA | AXUDA
OUTRAS LIGAZONS | ACCESOS DIRECTOS | INFOGRÁFAS UDC | INTRANET DO SERVIZO DE BIBLIOTECA

O meu rexistro (renovación e reserva de préstamos)

Contacta coa Biblioteca

Préstamo interbibliotecario: acceso 29 Ir a Préstamo interbibliotecario: acceso

Solicitar a compra de documentos

Solicitar buscas de información

Solicitar o carné de usuario externo

Servizo de Biblioteca da UDC
21 de abril de 2020

Neste pequeno manual dirixido ao alumnado de grao pódese consultar o proceso para darse de alta no Servizo de Préstamo Interbibliotecario. Lembrade que ante a i...
Ver máis

Biblioteca da Facultade de Ciencias da UDC
30 de abril de 2020 · 🌐

Se necesidades axuda coas buscas bibliográficas, aquí estamos para botarvos unha man 📖

<https://bit.ly/3bPzZxd>

Petición dunha procura bibliográfica

Servizo de Biblioteca da UDC
29 de abril de 2020

Se necesidades axuda coas buscas bibliográficas para os vossos traballos de clase, para comezar un traballo de investigación, etc. dende a biblioteca podemos axudarvos. Na nosa web tedes á vosa disposición un formulario para realizar estas peticións:
<https://bit.ly/3bPzZxd>

Biblioteca da Facultade de Ciencias da UDC
19 de maio de 2020 · 🌐

📢 **!! FORMULARIO DE AUTORIZACIÓN PARA DESPRAZAMENTOS DO ESTUDANTADO DA UDC**
Calquera estudante que precise unha autorización para facer un desprazamento dende outra provincia distinta da Coruña, dentro da Comunidade Autónoma, terá que cubrir o seguinte formulario 📖

<https://bit.ly/3dWfgZ7>

Na maior brevidade posible recibirá no seu correo un certificado persoal e intransferible para a realización dunha soa viaxe.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE DESPRAZAMENTO PARA O ALUMNADO

Biblioteca da Facultade de Ciencias da UDC
25 de maio de 2020 · 🌐

📢 **!!** Xa están dispoñibles as guías de toda a BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA ACCESIBLE EN LÍÑA de todas as titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias, Universidade da Coruña:

- 📖 Grao en Bioloxía: <https://bit.ly/3bGjQJE>
- 📖 Grao en Química: <https://bit.ly/3fU8mFH>
- 📖 Mestrado en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética: <https://bit.ly/2yvSiZV>
- 📖 Mestrado en Biotecnoloxía Avanzada: <https://bit.ly/3bXbNbj> ... Ver máis



As accións dirixidas aos estudantes centráronse en informarlles cómo acceder a libros electrónicos de bibliografía recomendada (BR), a artigos de revista a texto completo e a ofrecerlles axuda con buscas bibliográficas para a realización de traballos de clase, de TFG, etc.

Revisamos toda a BR de todas as titulacións de grao e mestrado que se imparten na Facultade para localizala nos libros electrónicos que as editoriais e plataformas puxeron en aberto. Catalogaronse e enlazaronse no catálogo da biblioteca para que os usuarios cando busquen BR saiban se tamén está en formato electrónico e poidan acceder a ela.

Para isto revisáronse:

- A plataforma de libros electrónicos E-Libros
- A Plataforma de libros electrónicos UNEbook
- Os libros electrónicos de Panamericana, e das plataformas Science Direct (Elsevier) u Wiley Online Library, Springer Nature, Ebbok Central (Proquest)

Outro obxectivo destas revisións de BR en distintas editoriais e plataformas e a posible adquisición de libros electrónicos.

Unha vez feito isto remitíuselle ao profesorado información personalizada sobre todos os libros electrónicos que recomendaban nas súas materias (BR), para que a difundiran entre o seu alumnado. Tamén se elaboraron guías sobre a BR electrónica por grados e mestardos.

A atención telefónica mantívose dende o primeiro momento, e foi especialmente fluída co profesorado na súa demanda de axuda para acceder aos diferentes recursos ou para solicitar información sobre propiedade intelectual (para subir información ao Moodle) e tamén para tentar mercar libros electrónicos.

O servizo de adquisicións continuou funcionando, e o PDI seguiu a solicitar a adquisición de libros e nós iniciamos o procedemento, aínda que os libros non se puideron recibir nos primeiros meses.

Actualizáronse os recursos de [Química](#) e [Bioloxía](#) que están nas guías Fiador. Estas guías agrupan por tema, materia ou ámbito, todo tipo de recursos desde bases de datos de pago ata materiais en acceso aberto.

Se difundiu información sobre formación realizada por: E-Libros, Web of Science, SciFinder-n, Scopus, ORCID.

Elaboráronse guías para facilitar o acceso a información de diferentes recursos electrónicos.

Fixéronse listaxes da BR máis solicitada de diferentes editoriais (Wiley, Springer e Panamericana) e se remitiron ao Servizo de Biblioteca. A finalidade era a súa posíbel adquisición por parte do Servizo ou por Bugalicia.

Continuouse a traballar e rematouse a nova páxina web da Facultade.

As sesións prácticas dos cursos organizados polo CUFIE e a Biblioteca realizáronse por Teams.

A petición da persoa responsable de UDCiencia, elaborouse unha guía de libros de divulgación interesantes para subir a súa web.

O apoio aos investigadores mantívose creando e corrixindo ou completando perfís de investigadores, preparando e subindo documentos de investigación ao RUC por depósito delegado, resolvendo consultas sobre avaliación e sexenios, así como sobre revistas predadoras, etc.

As consultas máis frecuentes foron sobre:

- Accesos a novos recursos electrónicos
- Cómo baixar artigos electrónicos
- Libros electrónicos de Elsevier e Springer
- Plataforma de libros electrónicos E-Libro
- Compra de libros electrónicos
- Acceso a SciFinder-n
- Consulta de artigos en OA
- Suxestión compra de libros electrónicos
- Filiación
- Axuda xestión bibliográfica TFG/TFM
- Préstamo e cita previa
- Turnitin
- Propiedade intelectual
- Índices de calidade de libros
- Búsquedas bibliográficas
- Xestores bibliográficos

3. INVESTIMENTOS

Este ano o investimento en fondos bibliográficos foi o 80% do ano anterior, exactamente **8.561,35 €**.

Non obstante, esta cantidade incrementouse minimamente coa incorporación de remanente do ano 2019 (175,95 €), quedando definitivamente un orzamento de **8.737,30 €**.

Para rematar, indicar que o orzamento de material de oficina foi de 1.354,66 €, un 20% menos que no ano anterior.

O orzamento da Biblioteca para 2020:

ORZAMENTOS	DEFINITIVO 2020	REMANENTE 2019	TOTAL
Fondos bibliográficos	8.561,35 €	175,95 €	8.737,30 €
Material oficina			1.354,66 €

A repartición do orzamento fíxose, como en anos anteriores, entre as áreas de coñecemento e mestrados da Facultade, ademais da porcentaxe xestionada pola Comisión de Biblioteca (10%). Dentro de cada área repartíuse por materia/nº de alumnos (45%) e por profesorado (45%).

O investimento total en material bibliográfico foi de 8.240,81 €, ademais comprometéronse 471,85 € que se incorporaron ao crédito de 2021, xa que non todo o material pedido no 2020 chegou durante o exercicio económico dese ano.

4. PERSOAL

Na Biblioteca traballan 5 persoas: a directora, 2 bibliotecarias/os e 2 auxiliares, 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde.

Cursos realizados polo persoal da Biblioteca no 2020:

- *Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP*. CIXUG (en liña, 20h): 1 asistente
- *Microsoft Bookings: Configuración e xestión*. UDC (en liña, 3h): 5 asistentes
- *Producción de videos educativos*. UDC (en liña, 14 h): 1 asistente
- *Capacitación en E-Libro* (26/02/20, en liña, 1h): 2 asistentes
- *O traballo colaborativo co Office 365*. UDC (en liña, 20/04/20-21/04/20, 5h): 1 asistente.
- *Crossref en vivo en español* (19/05/20, en liña, 2h): 1 asistente
- *Inglés para bibliotecarios*. SEDIC (01/06/20-19/06/20, en liña, 45h): 2 asistentes
- *Creación de infografías e deseños vectoriais con Inskape*. CIXUG (en liña, 11/05/20-12/06/20, 30 h): 1 asistente
- *Medidas de prevención y protección para la reincorporación a la actividad laboral Post COVID-19*. QUIRÓN prevención (en liña, 23/09/20-08/10/20, 2h): 2 asistentes
- *CINAHL, MEDLINE, SPORTDiscus with Full Text e Business Source Premier: búsquedas básicas e avanzadas [BUGalicia]*. EBSCO (en liña, 30/04/20, 1.5 h): 1 asistente
- *Planificación estratéxica*. UDC (en liña, 23/04/20, 4 h): 1 asistente.
- *EBSCO eBooks, recuperación de títulos e mellores prácticas*. EBSCO (en liña, 03/06/20, 1.5 h): 1 asistente
- *Webminar con motivo da semana de Acceso Aberto*. UVIGO (en liña, 23/10/20, 1 h): 1 asistente.
- *Curso de protección de datos e ciberseguridade*. UDC (en liña, 04/11/20-05/11/20, 6 h): 1 asistente
- *Patrimonio bibliográfico e bibliotecas universitarias*. UDC (en liña, 28/09/20-30/09/20, 10 h): 1 asistente
- *Formularios e automatización de tarefas con Microsoft 365*. UDC (en liña, 08/06/20-09/06/20, 5 h): 1 asistente
- *Portugués B1*. EGAP (en liña, 05/03/20-30/06/20, 150 h): 1 asistente
- *Perfil de autor e institucións*. Scopus (en liña, 1 h): 1 asistente
- *Analice a súa investigación utilizando los Temas de prominencia de Scopus e SciVal*. Scopus (en liña, 27/05/20, 1 h): 1 asistente
- *Sources e comparación de revistas*. Scopus (en liña, 24/06/20, 1 h): 1 asistente
- *Métricas*. Scopus (en liña, 23/06/20, 1 h): 1 asistente
- *Potenciando a interoperabilidade con ORCID. Introducción* (en liña, 13/05/20, 1 h): 1 asistente

- *Potenciando a interoperabilidade con ORCID. Interface de usuario, interoperabilidade e metadatos* (en liña, 27/05/20, 1 h): 1 asistente
- *Buscar revistas, analizar o seu perfil e ver o cálculo do factor de impacto*. Web of Science (en liña, 1.5 h): 1 asistente
- *Buscar a produción científica dun autor e ver a importancia dos perfís en Publons*. Web of Science (en liña, 1.5 h): 1 asistente
- *Consellos avanzados para encontrar máis información*. Web of Science (en liña, 1.5 h): 1 asistente
- *Métricas intelixentes para análise máis precisas*. Web of Science (en liña, 24/02/20, 1 h): 1 asistente
- *Exportar datos da Web of Science*. Web of Science (en liña, 25/02/20, 1 h): 1 asistente
- *Constrúa as súas bibliografías e cite correctamente a primeira vez*. Web of Science (en liña, 26/02/20, 1 h): 1 asistente
- *Como encontrar máis publicacións relevantes sobre un tema*. Web of Science (en liña, 15/04/20, 1.5 h): 1 asistente
- *Buscar, analizar e exportar a produción científica dunha institución*. Web of Science (en liña, 20/04/20, 1 h): 1 asistente
- *Utilizar EndNote online para xestionar as referencias bibliográficas*. Web of Science (en liña, 11/05/20, 1 h): 1 asistente
- *A visibilidade e a análise da investigación en acceso aberto na Web of Science* (en liña, 27/10/20, 1 h): 1 usuario
- *¡InCites ten agora unha nova interface!* Web of Science (en liña, 28/10/20, 1 h): 1 asistente
- *Aspectos destacados da Web of Science en 2020* (en liña, 16/12/20, 1 h): 1 asistente
- *Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero*. EGAP (en liña, 28/09/20-18/10/20, 20 h): 1 asistente
- *Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública*. EGAP (en liña, 8/10/20-9/11/20, 30 h): 1 asistente

5. COLECCIÓN

5.1. PUBLICACIÓN PERIÓDICAS

Listaxe de revistas subscritas centralizadamente de CIE (UDC):

TÍTULO	ISSN	FORMATO
Algological Studies	1864-1318	Papel + Online
Annals Of The Missouri Botanical Garden	0026-6493	Papel + Online
Biological Bulletin	1939-8697	Online
Botany	1916-2804	Online
Bulletin Of Marine Science	1553-6955	Online
Cahiers De Biologie Marine	2262-3094	Online
Canadian Journal Of Fisheries And Aquatic Sciences	1205-7533	Online
Canadian Journal Of Zoology	1480-3283	Online
Genome	1480-3321	Online
International Journal Of Plant Sciences	1537-5315	Online
Journal Of Shellfish Research	0730-8000	Papel
Marine Ecology Progress Series	1616-1599	Online
Molecular And Cellular Biology	1098-5549	Online
Physics Today	1945-0699	Online
Plant Physiology	1532-2548	Online
Synlett	1437-2096	Online
Systematic Botany	1548-2324	Online
Water Science & Technology	0273-1223	Papel + Online

As revistas electrónicas seguen contando cun control de accesos que permite medir o seu uso, información decisiva para futuras tomas de decisións.

A esta listaxe hai que lles engadir as revistas non centralizadas e subscritas pola Biblioteca:

TÍTULO	ISSN
Investigación y Ciencia	0210-136X
Quercus	0212-0054

Dende a web da Biblioteca da UDC tamén se pode acceder tanto á listaxe de todas as [revistas electrónicas accesibles para a UDC](#), como aos portais dos editores. Tamén aos seguintes [portais de revistas en acceso aberto](#) e a [novos tipos de revistas en acceso aberto](#).

Datos de revistas en papel:

Total de títulos a 31/12/2020: 426, dos cales:


- En curso de recepción (vivas): 24 (6 por compra e 18 por intercambio ou donativo)
- Coleccións pechadas: 402

A Biblioteca segue colaborando con Dialnet, baleirando as seguintes revistas: [Cerna](#) e [Ambientalmente Sustentable](#).

5.2. MONOGRAFÍAS

No ano 2020 ingresaron na Biblioteca 187 monografías en papel, 34 delas procedentes de donativos ou intercambios. O total de fondos bibliográficos en papel o 31 de decembro de 2020 era de 35.588.


Dentro da colección, nas incorporacións de material bibliográfico no 2020, observamos que aínda que a maior porcentaxe seguen a ser as adquisicións da sección de **docencia (48.57 %)**, a continuación, e moi igualadas, están as adquisicións de **bibliografía recomendada (43.57 %)**, e finalmente están as adquisicións dedicadas á **investigación (7.85%)**. En relación ao ano anterior constátase o gran incremento das adquisicións das coleccións de bibliografía recomendada en detrimento das de docencia, e un lixeiro descenso das dedicadas a investigación.



No referente a sección de **bibliografía recomendada**, os datos que temos a finais de 2020 son moi significativos e indican que esta sección da colección está ben cuberta. Así, un 98,76 % dos títulos recomendados das diversas materias podemos atopalos na Biblioteca.

Do total de 2.913 títulos recomendados nas materias do programa formativo da Facultade, 2.877 están a disposición do alumnado na Biblioteca. En total suman 6.622 os exemplares dispoñibles de bibliografía que recomendan os profesores para as diferentes materias que completan o programa formativo de graos e mestrados.

Por outra banda, analizamos os exemplares (non títulos) dos fondos bibliográficos incorporados en 2020 á Biblioteca por compra, e os agrupamos por materias. Observamos que o maior nº de exemplares ingresados corresponden a botánica e a divulgación.



5.3. RECURSOS ELECTRÓNICOS

5.3.1. REVISTAS ELECTRÓNICAS

Tanto a través do Consorcio de BUGALICIA como de recursos propios da UDC, podemos acceder a un importante nº de publicacións periódicas, a través das subscricións a paquetes electrónicos.

CIENCIAS	ACS (American Chemical Society)
	AIP (American Institute of Physics)
	Cell Press
	Nature
	RSC (Royal Society of Chemistry)
	Science Online
MULTIDISCIPLINARES	Annual Reviews
	Cambridge Journals Online

	Elsevier Science Direct
	Emerald
	JSTOR
	Oxford
	Sage
	Springer
	Taylor and Francis
	Walter de Gruyter
	Wiley

No 2020, a UDC tivo acceso a 11.080 revistas electrónicas subscritas e a 19.803 recursos electrónicos contidos en bases de datos e que estatisticamente se contabilizan como revistas electrónicas.

5.3.2. BASES DE DATOS

Tamén temos acceso a bases de datos, tanto multidisciplinares como no ámbito temático de interese para os nosos usuarios:

BIOLOXÍA	Earth, Atmospheric & Aquatic Science (antes Asfa)
	GreenFile
	Oceanic Abstracts
QUIMICA	Analytical Abstracts
	CSD (Cambridge Structural database)
	Natural Product Updates
	SciFinder Scholar
	Synthetic Reaction Updates
MULTIDISCIPLINARES	Academic Search Complete
	AENORMás. Normas UNE
	CSIC
	EBSCO FULL TEXT Finder
	ProQuest Dissertations & Theses

	Scopus (Scimago Journal Ranks (SJR) e CWTS Journal Indicators (SNIP, IPP)
	Statista
	TSD : The Serials Directory (con EBSCO)
	Ulrichs'Web
	Web of Science (JCR, ESI, Book Citation Index e Highly Cited Researchers)

En total a UDC ten acceso a 48 bases de datos.

A accesibilidade ás bases de datos Web of Science e Scopus é a través dunha licenza nacional xestionada pola FECYT. Desde a web da biblioteca tamén podemos consultar Dialnet, de xeito gratuíto.

5.3.3. LIBROS ELECTRÓNICOS

No referente aos libros electrónicos, no 2020 puidemos acceder a un total de 152.893 de todas as disciplinas, tanto de recursos consorciados como de recursos propios da UDC.

O esforzo realizado para a adquisición de libros electrónicos neste ano, sobre todo de BR, queda patente se o comparamos cos datos do ano anterior (136.361).

No confinamento, dende o Servizo de Biblioteca quíxose fomentar a compra de libros electrónicos, co obxectivo de dar accesibilidade, na medida do posíbel, á BR en liña.

- Incorporouse a base de datos **UNE-book**, que inclúe publicacións das universidades españolas, e procurouse a BR en cada centro. Nesta plataforma atopamos cerca de 12.000 libros electrónicos entre os que se inclúen os das áreas temáticas que interesan nesta Facultade como: química, bioloxía, medio ambiente, física, etc.
